

UNIDADE

A vida cotiá

8

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. **A FAMILIA, A EDUCACIÓN E O OCIO**
A familia
A educación
O ocio
2. **A FLEXIÓN NOMINAL: QUINTA DECLINACIÓN**
3. **A FLEXIÓN PRONOMINAL: PRONOMES PERSOAIS, POSESIVOS E DEÍCTICOS**
Pronomes persoais
Pronomes-adxectivos posesivos
Pronomes-adxectivos demostrativos
4. **A FLEXIÓN VERBAL: TEMA DE PERFECTO DA VOZ PASIVA**
LÉXICO
Evolución fonética: grupos interiores -LI- e -LE-
Expresións latinas

Na unidade anterior estudamos o ámbito físico no que se desenvolvía a vida dun romano, ao describir os distintos tipos de casas e a súa cidade. Na presente, trataremos aspectos relacionados igualmente coa vida privada, ao coñecer que membros compoñían a familia romana, a quen correspondía a educación dos nenos e mozos e, por último, como gozaban os romanos do seu tempo libre.

No apartado de lingua finalízase o estudo da flexión nominal e iníciase o da flexión pronominal cos pronomes persoais, deícticos e os posesivos. A flexión verbal complétase co sistema de perfecto en voz pasiva: todos os verbos latinos teñen neste sistema unha flexión regular. A evolución fonética dos grupos consonánticos, coas expresións latinas utilizadas pechan esta Unidade.

Legado	Lingua	Léxico	Textos
A familia A educación O ocio	Flexión nominal: 5ª declinación Flexión pronominal: pronomes persoais, deícticos e posesivos Flexión verbal: sistema de perfecto da voz pasiva	Evolución fonética dos grupos -LI- e -LE- Expresións latinas	Relacionados cos contidos de lingua e de cultura

1. A familia, a educación e o ocio

Neste tema trataranse distintos aspectos da vida cotiá dos romanos. Dese modo, darase resposta a algunhas preguntas bosquexadas na unidade anterior sobre a familia, a educación e a maneira de ocupar os ratos de ocio en Roma.

1.1. A familia

Na actualidade, o concepto de familia circunscríbese ás relacións de parentesco. Non obstante, os romanos definían a familia como unha unidade baseada en lazos de sangue, é dicir, no parentesco, pero tamén e, sobre todo, en lazos xurídicos.

Posto que as distintas etapas da historia de Roma –Monarquía, República e Imperio–, abarcan un período de moitos séculos, case todos os aspectos relacionados coa vida cotiá sufriron unha evolución paulatina ao longo dos anos, e o que nos ocupa non constituíu unha excepción a esta norma. De feito, ao igual que ocorreu coa cidade ou coa casa, a familia tamén experimentou cambios notables no transcurso do tempo.

Entre unha familia da Monarquía e unha do Imperio aprécianse diferenzas que lembran a evolución sufrida. Porén, entre ambas hai dous trazos que resultan comúns a todas as épocas, a gran importancia que acadou ao considerarse o núcleo da sociedade romana, e a estrutura xurídica que lle conferiu un carácter orixinal e permitiulle funcionar como un estado en pequeno, co seu propio culto, a súa capacidade legal para xulgar conflitos familiares e o seu propio patrimonio.

Precisamente, os dous últimos trazos, a súa importancia e a súa orixinalidade, espertan aínda hoxe a curiosidade por coñecer como se formaba a familia e que papel desempeñaban nela os distintos membros do núcleo familiar.

O matrimonio

Constitúe o paso obrigado para quen desexaba fundar unha familia propiamente romana. Non obstante, non todos podían dalo. Na sexta unidade, ao falar das clases sociais, díxose que, nos primeiros tempos, só os patricios podían contraer matrimonio. Posteriormente, xa en época republicana, os cidadáns, patricios ou **plebeos***, gozaron deste dereito, **ius connubii***, aínda que os segundos non puideron casar cos patricios até o 495 a.C., grazas á **Lex Canuleia**, un logro máis na súa loita contra os patricios.

Xa que logo, quen non estaban considerados cidadáns, os escravos e, en principio, os **libertos***, non podían constituír unha familia legal, xa que carecían do **ius connubii**. Non obstante, estálles permitido unirse en **concubinātum***, **contubernium***, se na unión estaban involucrados escravos. Moito tempo despois, no 19 a.C., a **Lex Iulia** permitiu aos libertos contraer matrimonio.

Posto que ao longo do tempo o **ius connubii**, o paso previo para formar legalmente unha familia, se xeneralizou, describírase como era a cerimonia, que tipos de matrimonio existían, como podían disolverse, etcétera.

Cando un romano decidía contraer matrimonio, tiña que reunir unha serie de requisitos: o xa enumerado, gozar do **ius connubii**, pero tamén ter catorce anos no caso do home, e doce, no da muller, e contar co permiso paterno. No que fai á idade, o normal era esperar até os dezaseis e catorce anos respectivamente. Por outra parte, co tempo, o permiso paterno resultou insuficiente polo que se requiriu o dos propios contraentes.

Se os noivos cumprían os requisitos anteriores, podían contraer matrimonio. Só lles quedaba elixir entre os dous tipos existentes, **cum manu** e **sine manu**.

• CUM MANU

Nel a esposa deixaba de estar baixo a autoridade paterna para someterse á do marido, de cuxa familia entraba a formar parte como unha filla máis. Este tipo de matrimonio ofrecía tres variantes:

Usus*. Non requiría ningún tipo de cerimonia, pois abondaba a cohabitación da parella durante un ano.

Coemptio*. Consistía na compra simulada da noiva por parte do noivo en presenza de testemuñas. Posiblemente, a **coemptio** reflectía unha primitiva realidade na que a noiva era verdadeiramente comprada.

Confarreatio*. Esta variante do matrimonio **cum manu**, constaba dunha cerimonia na que os esposos, en presenza do sacerdote de Xúpiter, compartían o **panis farreus***, de onde provén o seu nome.

Por ter en principio un carácter relixioso e indisoluble, a **confarreatio*** converteuse na cerimonia máis utilizada polos patricios, mentres que os plebeos optaron, sobre todo, polas outras dúas: **usus** e **coemptio**.

• SINE MANU

Neste tipo de matrimonio a muller seguía pertencendo á familia do pai, baixo cuxa potestade estaba, e conservaba incluso o dereito a recibir a súa herdanza. Isto concedíalle unha maior liberdade, polo que, ao longo do tempo, converteuse no maioritario, e, no Imperio, estaba moi xeneralizado.



Dextrarum iunctio

Deseguido describírase a cerimonia do matrimonio. Así comprobarase a profunda pegada que deixou na cultura occidental. De feito, os ritos actuais reflicten o que existía na antiga Roma.

A véspera do matrimonio a noiva facía entrega aos deuses **lares*** de todos os seus xoguetes que representaban a súa infancia, pois a partir de ese momento comezaba unha nova vida.

O día do casamento, a noiva preparábase para o ritual. Arranxábase, adornábase o pelo con cintas, cinguíase unha túnica branca até os pés, e cubríase o rostro cun veio alaranxado, **flammeum***.

Axudada por unha muller casada unha soa vez, **pronuba***, a moza realizaba os tres pasos dos que constaba o cerimonial:

- O sacrificio aos deuses para indagar se estes se mostra-

ban favorables ao matrimonio.

- A sinatura, perante dez testemuñas, do contrato matrimonial, nas **tabulae nuptiales***.
- A unión das destrás dos esposos, **dextrarum iunctio***.

Tras os pasos enumerados, celebrábase un banquete. Ao terminar este, arrebatábase á noiva dos brazos da súa nai en lembranza do rapto das sabinas, suceso do que se falou na segunda unidade. Despois deste rapto simulado, formábase un cortexo para acompañar á noiva até a súa nova casa. Por último, esta era collida en brazos para que non pisase a soleira da porta.

Ao día seguinte, a moza, xa como matrona, celebraba un xantar para os familiares máis próximos.

Coa cerimonia matrimonial quedaba constituída legalmente a familia. Porén, a pesar do seu carácter sagrado e indisoluble, o matrimonio podía romperse, xa que en Roma existía o divorcio, aínda que non estaba ben visto. Nos primeiros tempos, este só se concedía a petición do marido, pero máis tarde, grazas ás conquistas sociais da muller, o matrimonio, como calquera outro contrato, podía romperse a pedimento de calquera das partes.



Busto dos esposos Catón e Porcia

Coa cerimonia matrimonial quedaba constituída legalmente a familia. Porén, a pesar do seu carácter sagrado e indisoluble, o matrimonio podía romperse, xa que en Roma existía o divorcio, aínda que non estaba ben visto. Nos primeiros tempos, este só se concedía a petición do marido, pero máis tarde, grazas ás conquistas sociais da muller, o matrimonio, como calquera outro contrato, podía romperse a pedimento de calquera das partes.

A ruptura matrimonial comportaba rituais contrarios aos utilizados nos diferentes variantes do matrimonio **cum manu***. Así:

- A **usurpatio trinoctii***, o abandono do leito conxugal durante tres noites, rompía o **usus**, que se baseaba na cohabitación da parella.
- A **mancipatio***, unha venda, poñía fin á **coemptio***, que consistía nunha compra simulada.
- A **diffarreatio*** disolvía a **confarreatio**.

Durante o Imperio, o divorcio xeneralizouse e chegou a solicitarse polos detalles máis nimios, ás veces incluso abundaba manifestar en presenza dalgunha testemuña o desexo de divorciarse.

Cando a parella se divorciaba, a muller recuperaba o dote. Pola contra, os fillos quedaban baixo a autoridade do marido, aínda que, normalmente, a nai ocupábase deles coa condición de consultar ao pai nas decisións que resultaban importantes para o seu futuro.

Tras coñecer os requisitos necesarios para formar unha familia, convén enumerar quen formaban o núcleo familiar e explicar que papel desempeñaban.

• **Membros do núcleo familiar**

Aínda que, debido á súa estrutura xurídica, a familia romana constaba dunha gran cantidade de membros, entre os que se atopaban os escravos e os clientes, o núcleo familiar reducíase como na actualidade, ao pai, á nai e aos fillos.

A seguir, describírase o papel que desempeñaron estes últimos na familia. Ese papel experimentou certos cambios acordes coa evolución que esa institución sufriu ao longo do tempo.

■ O PAI. Nun principio, o pai, **paterfamilias***, exercía un poder practicamente absoluto sobre os demais membros: nai, fillos, parentes, escravos e clientes. Comportábase como o monarca dese pequeno estado que constituía a familia, e erixíase no seu auténtico piar.

Ao igual que o rei, ostentaba o poder en todos os campos que afectaban á familia: relixioso, económico e xurídico. Así, desempeñaba o papel de sacerdote do culto familiar. Era o dono do patrimonio familiar no que se incluía o dote da esposa. Por último, exercía de xuíz á hora de dirimir as disputas familiares, aínda que, nos casos máis graves, solicitaba a axuda doutros parentes.

A maior manifestación do poder do **paterfamilias** reflectíase no dereito de vida ou morte que tiña sobre os seus fillos. Estes, que estaban supeditados á potestade paterna do **pater**, podían ser abandonados ou vendidos por aquel. Cos cambios sufridos no transcurso do tempo, na República e, máis tarde, no Imperio, a potestade paterna suavizouse, e os lazos familiares baseáronse fundamentalmente no afecto mutuo, polo que as relacións entre os seus membros resultaron cada vez máis naturais e fluídas.

■ A NAI. A partir dos primeiros tempos, a muller romana ocupou na sociedade un lugar máis destacado cá grega. O importante papel que desempeñou nela trasladouse tamén á familia. No transcurso do tempo, na República e, sobre todo, no Imperio, ese papel adquiriu maior relevancia nun e outro terreo.

Aínda que en teoría a muller estaba sometida legalmente ao seu esposo, na práctica vivía unha realidade moi distinta; pois, ademais de ocuparse da casa, e de organizar o traballo dos escravos, era unha fiel compañeira do marido, permanecía á súa beira, aconsellábao e acompañábao nos actos sociais, e incluso, compartía a súa condición social, segundo se desprende da resposta que daba ao seu esposo no cerimonial do matrimonio, cando este lle preguntaba o seu nome e ela respondía: **Ubi tu Gaius, ego Gaia**, onde *ti <sexas> Gaio, eu <son> Gaia*. Pero, sobre todo, compartía con el o coidado e a educación dos fillos, tarefa que sempre se gañou a consideración do seu marido.

■ OS FILLOS. Entre as finalidades da familia romana atopábase a de ter fillos. O propio estado incentivaba a natalidade ao favorecer ás familias con tres ou máis fillos, ao tempo que gravaba a quen permanecían solteiros ou sen fillos.

Á vista dos datos anteriores, resulta fácil pensar que, por regra xeral, a familia recibía de bo grao a chegada dun novo membro. Non obstante, o poder case absoluto do **paterfamilias** esixía que este o recoñecese así. Por iso, cada fillo había de ser expresamente aceptado polo pai coa sinxela cerimonia que se describe a continuación.

Nada máis nacer, colocábase ao recém nado aos pés do **paterfamilias**. Se este decidía aceptalo, erguíao do chan e elevábao para o ceo, **filium tollere***. Pola contra, se o rexeitaba, dáballo as costas. Con este xesto condenaba ao neno á fame, aos rigores do frío e incluso á morte se ninguén se facía cargo del.



Dúas mulleres bañando a un recém nacido

Non obstante, para evitar comportamentos tan crueis, as propias leis puxeron coto ao poder que exercía o pai na familia. Grazas a iso, o paterfamilias estaba obrigado a aceptar aos fillos homes e, polo menos, á primeira filla.

Despois de que o novo membro era aceptado polo pai, celebrábase no seu honor unha cerimonia de purificación, **lustratio***, que tiña lugar aos oito días do nacemento se se trataba dunha nena, ou aos nove, se era un

neno. Nesa cerimonia impoñíase un medallón, especie de amuleto para protexelo dos malos espíritos, **bullae***, e inscribíano como cidadán romano.

Cando o novo cidadán era un neno, impoñíanselle tres nomes: o persoal, **praenōmen***; o da **gens*** á que pertencía a familia, **nomen***, e o sobrenome desta, **cognōmen***. Pola contra, cando se trataba dunha nena, esta recibía un único nome que, ademais, era común a todas as mulleres que constituían a familia: era o **nomen*** en feminino. Para distinguilas, utilizábase o seguinte método: se había varias fillas, engadíase ao nome o adxectivo numeral ordinal correspondente. Se había só dúas, os adxectivos **maior** ou **minor**.

Durante os primeiros anos da súa vida, os nenos romanos, con independencia do seu sexo, permanecían no seo familiar baixo os coidados directos do pai e, sobre todo, da nai. Eles encargábanse da súa educación.

Ao cumprir os sete anos, establecíanse xa as primeiras diferenzas que separaban a fillos e fillas. Estas continuaban ao coidado da nai, que lles ensinaba as tarefas domésticas das que un día haberían de encargarse como matronas romanas; pola contra, os fillos quedaban baixo a directa supervisión do pai, que lles ensinaba a comportarse como bos cidadáns.

Non obstante, unhas e outros coincidían na escola, xa que a ela acudían para poder completar a súa educación, fundamental para o seu futuro.

Pola importancia que esta acadara, a segunda parte do presente tema describirá que tipo de educación recibían os mozos e mozas romanos.

1.2. A educación

Os romanos, conscientes da importancia que tiña unha boa educación para o futuro dos seus fillos, esforzábanse por proporcionarlle. Por iso, a partir do momento en que o pai aceptaba ao recém nado erguéndoo do chan, **filiū tollere**, os proxenitores, en especial a nai, coidábano e educábano até que este cumpría sete anos.

Nalgunhas ocasións, se a situación familiar o permitía, unha ama axudaba á nai nesa difícil tarefa. Co tempo, sobre todo no Imperio, a presenza da ama xeneralizouse e fíxose necesaria, xa que as mulleres, ao acadar maiores cotas de liberdade e incorporarse activamente á vida social, non dispoñían do tempo necesario para realizar ese labor fundamental.

Até os sete anos, os pais ocupábanse fundamentalmente de forxar o carácter dos seus fillos, inculcábanlles o respecto polos costumes dos antepasados, e o sentido da responsabilidade para cumprir cos deberes que tiñan coa familia, as divindades e a propia patria. Aínda que non era moi frecuente, nalgúns casos, chegaban aínda máis lonxe, e encargábanse de ensinalles as letras para que así as recoñecesen e puidesen comezar a ler. Porén, esa aprendizaxe adoitaba atrasarse até os sete anos.

Nas familias con máis recursos, un **paedagōgus***, un escravo, polo xeral de orixe grego, encargábase de acompañar continuamente ao neno.

Tal como se dixo, ao cumprir os sete anos, os pais continuaban co seu labor educador: a nai centrada nas fillas ás que ensinaba as tarefas da casa, e o pai, nos fillos, que aprendían del a comportarse como bos cidadáns.



Nenos na escola

Non obstante, estes ensinos resultaban xa insuficientes. Neste momento, posto que o estado non se ocupaba da educación, os pais decidían que opción ían elixir para o seu fillo: pagar a un profesor particular que acudía á casa familiar para axudarlle nos seus estudos ou enviálo a unha das numerosas escolas abertas por mestres gregos.

Esta segunda opción era a elixida pola maioría, pois a primeira só estaba ao alcance de familias moi acomodadas. Xa que logo, xeralmente, os nenos romanos, con independencia do seu sexo, acudían, a partir dos sete até os doce anos, á escola primaria, **ludus**.

• A escola primaria. O *magister ludi* ou *litterātor*

Estas escolas funcionaban en locais moi pobres, separados da rúa por unha simple cortina, cun escaso mobiliario, posto que os alumnos se sentaban en tallos ou nuns bancos, e o mestre, nunha cadeira cun respaldo situada nunha tarima. A xornada escolar comezaba ao amencer, interrompíase ao mediodía para que os alumnos puidesen comer o *prandium**, e reemprendíase de novo pola tarde.

O material que os romanos levaban á escola estaba en consonancia coa sinxeleza do recinto, pois consistía nunhas táboas finas unidas entre si e enceradas. Dese modo, os nenos podían escribir sobre elas cun estilete, *stylus**, con cuxa parte traseira, que era plana, podían borrar estendendo de novo a cera. Cando xa dominaban a escritura, utilizaban o papiro ou o pergameo. Neles escribían cunha pluma, *calāmus**, que mollaban en tinta, *atramentum**.

O mestre desta etapa, *magister ludi** ou *litterātor*, ensinaba aos nenos a ler, a escribir e a contar. Tamén lles facía lembrar fragmentos da Odisea para exercitar a memoria. En principio, utilizaba un método baseado nos castigos, pero, máis tarde, substituíuno por outro que, á igual que os actuais, buscaba a motivación mediante os premios.



O mestre e o alumno

O *litterātor* ou *magister ludi* non gozaba de consideración social. Ademais, estaba mal pagado, xa que non cobraba nin os tres meses de vacacións nin os días nos que o alumno non acudía á escola por unha causa xustificada.

Todas as consideracións expostas facían do ensino neste nivel un traballo duro que quedou en mans de escravos e libertos.

Cando os romanos cumprían doce anos, finalizaban o ensino primario que, para a maioría deles, sobre todo se eran nenas, constituía a única que ían recibir. Só os patricios, a clase privilexiada, podían levar aos seus fillos ao *grammaticus**, para que continuasen a súa aprendizaxe.

• A escola secundaria. O *grammaticus*

A nova escola á que asistían os mozos e mozas dende os doce ata os dezaseis anos adoitaba estar situada nalgún local do Foro. Ao igual que na primaria, contaba cun mobiliario escaso e non moi luxoso. Os alumnos sentábanse en tallos e escribían sobre os seus xeonllos. Pola súa banda, a mestre, *grammaticus*, facíao nunha cadeira, *cathēdra**.

A xornada escolar comezaba ao amencer, e, tras un pequeno descanso para tomar o xantar, *prandium**, continuaba pola tarde.

Nesta etapa, os romanos aprendían gramática e literatura latinas e gregas. O **grammaticus**, máis considerado socialmente que o **litterator**, e mellor pago que aquel, impartía os coñecementos **ex cathedra***, e os alumnos limitábanse a tomar apuntamentos para exercitarse na realización de composicións literarias.

Para facilitar aos alumnos a aprendizaxe destes coñecementos, o mestre de secundaria, **grammaticus**, facíalles seguir os seguintes pasos:

- **Lectio**. Consistía nunha lectura comprensiva dos textos.
- **Enarratio**. Fase na que se explicaba o texto desde todos os puntos de vista: histórico, literario, etcétera.
- **Emendatio**. Estadio no que se corruxía o texto, e comentábanse os seus posibles erros.
- **Iudicium**. Aportaba a valoración persoal sobre o texto.

Tralos catro anos pasados co **grammaticus**, ao cumprir os dezasete, o mozo consagraba a súa **bullā** aos **Lares**, as divindades da casa, e cambiaba a **toga praetexta*** que vestira até ese momento pola **toga viril***, que, totalmente branca, era levada polos adultos. Este cerimonial significaba que deixaba xa a adolescencia para entrar na idade adulta. A partir dese momento, considerábase xa un cidadán romano. En compañía do seu pai dirixíase ao Foro onde era saudado polos amigos da familia.

Aos dezasete anos, idade na que se lle consideraba xa un adulto, a maioría das familias poñía fin á educación que proporcionaba aos seus fillos. Só os romanos máis ricos e influentes tiñan posibilidades de prorrogala para satisfacer as súas aspiracións de velos dedicados á política. Quen optaba por isto enviaban aos seus fillos ao **rhethor***, que gozaba de maior consideración social, e, en consecuencia, estaba mellor pago que o **litterator** e o **grammaticus**.


A partir de entón, aprendían dereito, filosofía, historia, pero, sobre todo, retórica. O **rhethor** dominaba esta arte que resultaba moi útil para todos aqueles que desexaban dedicarse á política. Aínda que a retórica sempre espertou o interese dos romanos, durante a República este resultou maior, xa que triunfar no **cur-sus honōrum***, é dicir, na política, esixía ser un bo orador.

Ao principio, o **rhethor** impartía as súas clases nos pórticos do Foro. Porén, cando o estado comezou a regular a educación, habilitoulle algúns locais.

O **rhethor** acudía a veces ao Foro para que os alumnos escoitasen alí aos bos oradores. Despois, pedíalles que analizasen o discurso, cos seus acertos e os seus posibles fallos. Realmente, tratábase dun tipo de ensino no que os alumnos participaban moi activamente, xa que realizaban moitos exercicios orais e escritos. Entre estes últimos, atópanse as **controversiae*** e as **suasoriae***. As primeiras consistían en debates entre dous estudantes que defendían teses contrapostas. Nelas valorábase principalmente a coherencia lóxica ao argumentar.

As **suasoriae** consistían en monólogos nos que os estudantes, que representaban a personaxes famosos que dubidaban perante situacións determinadas, sopesaban os pros e os contras da decisión que ían adoptar.

Nalgúns casos, as familias con maior poder adquisitivo enviaban aos seus fillos fóra de Italia para que acabasen os seus estudos. O lugar escollido adoitaba ser Grecia, o que lles permitía afianzar os seus coñecementos sobre a civilización grega.



A pesar do anterior, o estudo non constituía a única actividade dos mozos romanos, xa que eles, como os demais habitantes de Roma, dispoñían tamén de tempo para o ocio. Precisamente, na terceira parte deste tema aludírase ás diversións máis comúns entre os romanos que lles permitían ocupar o seu ocio.

A coñecida frase **panem et circenses**, *pan e circo*, revela a importancia que tiña o ocio nunha cidade na que moitas persoas deambulaban sen traballo e vivían nunha precaria situación que desembocaría en revoltas sociais de non haberlles asegurado o pan e a diversión. Por este motivo, os diferentes gobernantes preocupáronse de que non lles faltase ao pobo nin o un nin a outra.

1.3. O ocio

Aínda que os romanos non desdeñaron os espectáculos favoritos dos gregos á hora de pasar o seu tempo libre, as competicións deportivas e os certames de teatro, sen embargo, inclináronse polos denominados espectáculos de masas que se celebraban no anfiteatro e no circo. Xa que logo, ao falar do ocio en Roma distinguiremos entre os **ludi scaenici***, representacións teatrais, e os **ludi circenses***, que tiñan lugar principalmente no anfiteatro e no circo. Uns e outros eran sufragados polos políticos para manter contento ao pobo, e gañarse así o seu voto.

• Ludi scaenici

Denominábanse así as representacións teatrais que se organizaban durante as festas relixiosas. Estas comezaban no mes de abril e prolongábanse até o de novembro. Os romanos acudían a presenciar as distintas obras, pois sentíanse atraídos polo teatro, aínda que en menor medida que os gregos.

Ao principio, durante as festas, representábanse dúas obras, unha traxedia e unha comedia. Non obstante, a primeira deixou moi pronto de escenificarse, xa que, a diferenza do pobo grego, totalmente identificado coa traxedia, os romanos demostraron moi pouco interese por ela, e deseguida se decantaron pola comedia.

Nos primeiros tempos, as obras representábanse en teatros portátiles que se erguían mentres duraban as festas. Ao cobrar maior importancia, as construcións temporais substituíronse por outras permanentes, primeiro de madeira e despois de pedra, cuxa estrutura xa se explicou na unidade anterior ao enumerar os edificios que se erguían nas cidades romanas.

Xa que logo, lembráronse as partes que se distinguían nun teatro: un espazo semicircular no que evolucionaba o coro, a **orchestra***, unha bancada que o rodeaba, a **cavea***, unha plataforma pola que evolucionaban os actores, o equivalente ao actual escenario, a **scaena***, e a **frons scaenae***, o decorado.

Entre os autores que contaron co apoio maioritario do público, hai que citar a **Plauto*** e a **Terencio***. Ambos cultivaban a comedia. O primeiro deles acadaba nas súas obras maior comicidade que o segundo. Porén, Terencio lograba un retrato máis profundo dos personaxes.

En comparanza cos **ludi circenses**, os **ludi scaenici** resultaban bastante económicos. Por iso se organizaban con bastante asiduidade. Entre outras razóns, esa frecuencia provocaba o fastío do público, que acabou perdendo o interese por este tipo de espectáculos.

Xa que logo, diante do desinterese cada vez maior polos **ludi scaenici**, os **ludi circenses** empezaban a atraer aínda máis aos romanos con cuxo favor sempre contaron.

- **Ludi circenses**

Dentro dos espectáculos que se ofrecían durante estes xogos que custaban auténticas fortunas aos encargados de organizalos, había varios tipos: as loitas de gladiadores, as cacerías, **venatiōnes***, as **naumachiae*** e, sobre todo, as carreiras de carros. Os primeiros celebrábanse no anfiteatro, que consistía, segundo se dixo na unidade anterior nun dobre teatro unido pola **orchestra**. Pola contra, as carreiras de carros organizábanse no circo. Polo gran interese que espertaban entre o pobo romano, explicárase brevemente en que consistían estes espectáculos.

LOITAS DE GLADIADORES. Nelas, os gladiadores, que, por regra xeral, eran prisioneiros de guerra, enfrontábanse entre si en duelos a vida ou morte. Se os dous contendentes loitaban con valor, normalmente recibían a recompensa do público que adoitaba indultar ao vencido axitando panos brancos. Non obstante, en numerosas ocasións a loita finalizaba coa morte da perdedor esixida pola multitude que mostraba o puño co polgar para abaixo. Entón, o que vencera debía dar morte ao seu opoñente entre o griterío enxordecedor dos espectadores.



Combates de gladiadores

CACERÍAS, **VENATIŌNES**. Ás veces, as loitas organizadas non enfrontaban a dous homes, senón a persoas que, xeralmente, estaban condenadas a morte con feras salvaxes. Nestes casos a pelexa presentábase absolutamente desigual, xa que os condenados saltaban á **arena*** practicamente indefensos co que se acrecentaba a superioridade dos animais. Outras veces, enfrontábanse entre si distintas feras. Por último, existía unha terceira variante, a cacería, **venatio**: nela un gladiador armado trataba de capturar ao animal. O desenlace era incerto, pois en bastantes ocasións, o gladiador acababa despedazado polo animal.



Combale con feras

NAUMACHIAE. Estes espectáculos representaban batallas reais sostidas polo pobo romano contra os pobos inimigos. Celebrábanse como as anteriores no anfiteatro. Ás veces, inundábase a area para que a representación resultase o máis fiel posible á terrible realidade.

CARREIRAS DE CARROS. Constituía o espectáculo por excelencia, sen dúbida, resultaba o máis interesante para os romanos. De feito erguía tantas paixóns como na actualidade o fútbol. A diferenza dos anteriores, celebrábanse no circo, cuxa estrutura se explicou na unidade anterior. Os **aurigas*** encargábanse de conducir os carros que podían ir tirados por dous cabalos **bigae*** ou por catro, **quadrigae**. Estes aurigas pertencían a unha das catro faccións que existían e que estaban representadas por cores: azul, vermello, verde e branco.

A afección era tan grande que até algúns emperadores como Nerón, tomaban persoalmente as rendas dos carros na area, competindo cos restantes participantes como un auriga máis.


Nesas carreiras os carros permanecían nas **carcères*** até que se lles daba a saída. Na **spina***, o muro que percorre lonxitudinalmente o circo, informábase sobre as voltas que se completaran e as que aínda faltaban para terminar a carreira.



Auriga da facción dos verdes

O maior problema ao que se enfrontaban os aurigas era o momento de xirar, pois debían cinxirse moito á **spina** polo que podían volcar facilmente.

Todos os espectáculos mencionados até o momento estaban cargados de emoción e, en case todos os casos, de violencia. Certamente, os romanos, a diferenza dos gregos, preferían que os seus entretementos colectivos estivesen presididos por certo suspense e incluso pola crueldade.



Non obstante, o panorama cambiaba bastante cando se trataba de actividades individuais encamiñadas a encher o tempo de ocio.

Xa que logo, fronte a eses espectáculos de masas, os romanos cultivaron actividades máis tranquilas e relaxadas que pretendían fomentar as relacións sociais, e os intercambios de ideas e opinións. Dentro delas salientan dous que gozaron de gran importancia en Roma, a visita ás **termas*** e a asistencia a ceas organizadas polos amigos.

Como se explicou na unidade anterior, as termas cumprían unha dobre función, a hixiénica e a social. Nunha cidade na que moitos non tiñan baños nas súas casas, as termas ofrecíanlles a posibilidade de coidar a súa hixiene. Ademais, os restantes servizos que xiraban ao seu redor, bibliotecas, palestras, e os terreos que as rodeaban proporcionábanlles a posibilidade de relacionarse cos demais.

Por todo o anterior os romanos visitaban cada día as termas para darse un baño, pero, sobre todo, para encontrarse con outros parentes e amigos, pois era o lugar no que se comentaban os feitos máis destacados que tiñan acaecido.

Por último, nas termas xestábase moitas veces a outra actividade preferida dos romanos, a asistencia a ceas organizadas por amigos ou personaxes distinguidos da cidade. Certamente, algúns parasitos percorrían as numerosas termas existentes até conseguir unha invitación para algunha desas succulentas ceas.

Esta segunda afección dos romanos, aínda que iso si, persoal, non de masas, resultou tan característica da cidade de Roma que nunha das obras máis coñecidas da literatura latina, **O Satiricón** de **Petronio***, descríbese unha delas. Estas ceas constituían auténticos espectáculos, xa que xunto ao xantar, moi elaborado e exótico, había danzas, xogos malabares, lecturas literarias, etcétera.

Moitas veces prolongábanse até case o amencer. Os asistentes adoitaban chegar acompañados dun escravo que se encargaba, entre outras cousas, de iluminar o camiño. Non hai que esquecer que Roma, ao igual que as grandes cidades de hoxe, estaba chea de perigos nocturnos.

En todo caso, ao longo do tema desta unidade púidose comprobar, unha vez máis, a gran influencia que a vida cotiá dos romanos exerceu na das sociedades occidentais e, en concreto, na do noso país. Non só na idea actual de familia, tamén na educación, e, sen dúbida, nas formas de diversión. De feito, algunhas das actividades coas que os romanos ocupaban o seu tempo libre teñen a súa correspondencia na actualidade: o teatro, o fútbol, as piscinas, e tamén o gusto pola conversa repousada, en compañía dos amigos e en torno a unha boa mesa.

A MULLER EN ROMA

Para unha valoración máis detallada do papel da muller en Roma, transcribimos as CONCLUSIÓNS do coñecido libro de EVA CANTARELLA, *La mujer romana*, USC, 1992, pp. 95-97.

O PARADOXO ROMANO

“Máis de mil anos de historia, unha cidade que de pequena aldea agrícola pasa a *caput mundi*, cambios profundos das mentalidades, das estruturas económicas, das formas políticas, aumento desmesurado de riqueza e de poder, e logo a crise, profunda e irreversible: a longa historia de Roma coñeceu todo isto, coherencia e contradicións, forza e debilidade, «grandeza e decadencia». E a historia da condición feminina viuse afectada por todo isto, para ben e para mal: primeiro, suxeición e discriminación; máis adiante, conquista de dereitos, se non paritarios, certamente impensables para outras mulleres da antigüidade. Mais tarde aínda, coa crise do Imperio, unha especie de refluxo, o peche de espazos que se abriran, o retorno de mentalidades que parecían superadas. Pero máis alá dos cambios, máis alá da mutación de situacións continxentes determinadas por feitos externos (económicos, políticos, sociais), a historia das mulleres romanas queda caracterizada por unha constante que ningún feito externo puido nunca cambiar: a dunha concepción totalmente orixinal da relación entre sexos, inspirada na idea (nada evidente na antigüidade) de que a relación home-muller non pode ser puro dominio, non pode ser brutal abuso, non pode ser só prepotencia. Aquí está, en realidade, a orixinalidade do pobo romano. E para convencerse diso abundará pensar na profunda diferenza entre o modo en que os romanos organizaron a súa relación coas mulleres e o modo en que a organizaron os gregos.

Obviamente, as analoxías entre as dúas situacións non faltan: como as mulleres gregas, por exemplo, tampouco as mulleres romanas -é case superfluo dicilo- tiveron nunca a capacitación política; como as mulleres gregas -pasando ao campo do dereito privado-, tamén as mulleres romanas estaban sometidas durante toda a vida á tutela dun home. Pero no sistema de valores da sociedade en que vivían, segundo fosen gregas ou romanas, ocupaban un espazo os confíns do cal estaban sinalados por unha valoración moi distinta das obrigas femininas.

Ás mulleres gregas correspondía un só deber: reproducir bioloxicamente os cidadáns. As mulleres romanas, ao contrario, ao lado do deber biolóxico, desenvolvían un deber ulterior, non menos determinante para a sorte da cidade: estaban encargadas de transmitir aos fillos os valores dos pais, de formar a súa personalidade e o seu carácter, de infundir as virtudes que farían deles *cives Romani*. Deber non pequeno, obviamente, do que se derivaba (ademais dunha inevitable maior liberdade de movementos e de acceso á cultura) unha fundamental vantaxe psicolóxica, que cara á súa vida moito máis gratificante que a das mulleres gregas. As mulleres romanas sentían que formaban parte da cidade, sabían que desenvolvían, en interese de esta, unha tarefa fundamental: e sabían que se o cumprían serían recompensadas.

Coas súas mulleres, en efecto, os romanos pecharan un tácito pacto de intercambio que, se non era paritario, era, non obstante, en certo modo equilibrado.

Obviamente, tratábase dun pacto cunhas condicións ditadas polos homes. Foran os homes, por suposto,

os que estableceran cales serían os deberes femininos: *casta, pia, frugi, domiseda, lanifica*, recitan case monotonamente os epitafios funerarios nos que os maridos recordaban as virtudes da muller defunta: a muller perfecta debía ter un só home na súa vida, honrar o culto familiar, ser frugal e traballadora, ocuparse da súa casa¹. E debía ser tamén animosa e valente, orgullosa do seu papel, capaz de someterse e sacrificarse. Pero para as mulleres romanas estes deberes non eran molestos, como a nós nos pode parecer: se respectaban as regras, se se adaptaban ao modelo, eran premiadas co xeneral respecto, coa admiración pública e privada, con honras que nunca se tributaron a outras mulleres da antigüidade. Cando Voturia e Volumnia, respectivamente nai e esposa de Coriolano, o convencen para que abandone o propósito de marchar sobre Roma á cabeza dos Volscos, o Senado establece que pola rúa se cedese o paso ás mulleres e que se lles consentise vestir a capa purpúrea². Cando, durante o asedio dos galos, no 390, as *matronae* ofreceron as súas cabeleiras para construír máquinas de guerra, viron como se lles recoñecía o dereito a *laudatio funebre*.³

¿Como sorprenderse, sendo isto así, de que as heroínas romanas, a diferenza das gregas, non realizasen nunca transgresións, senón só xestas que confirmaban os valores da cidade? Ultraxada por un home, Medea mata os seus fillos. Para opoñerse á inxustiza dun home, Antígona afronta a morte. As heroínas romanas, fronte á prepotencia masculina, fose a que fose, adoptaron unha postura ben distinta. Violada por Sexto, Lucrecia mátase, a pesar de ser inocente. De nada valen as exhortacións do pai e do marido que intentan convencela de que a súa vida non rematou, porque o seu espírito é puro. Lucrecia morre pola súa man «para que no futuro, seguindo o seu exemplo, ningunha muller viva deshonorada (*impudica*)»⁴. «Máis alá do deber», en suma: esta parece ser a clave das mulleres romanas. ¿Acaso non vai máis alá do deber unha muller como Arria que, fronte ao marido caído en desgraza e obrigado ao suicidio, encontra normal animalo co exemplo, cravándose unha espada no peito e dicíndoo ao morrer: *¡Pete, non dolet!*?⁵.

Así pois, estas son a peculiaridade e a forza do modelo romano. Esta, en materia de relacións entre sexos, é o paradoxo romano: os valores que as mulleres romanas transmitían, dos que eran as gardiás máis seguras, eran os valores dunha sociedade máis patriarcal que ningunha outra, tanto na organización xurídica e social coma na mentalidade. Desenvolvendo, orgullosas de facelo, a obriga que se lles asignaba, as mulleres romanas reproducían de xeración en xeración a cultura dun mundo de homes que, tendo solidamente nas súas mans o poder, deixaban ás mulleres a honra, a fama e unha falsa liberdade: a de quen acepta, facéndooas súas e extraendo as vantaxes que derivan delas, as regras que outros ditaron⁶.”

¹ Vide sobre este punto E. Cantarella, *L'ambiguo malanno*, 177 sg.

² Val. Max., V, 2, 1

³ Liv., V, 50, 7.

⁴ O episodio en Liv., I, 57, 4-11 e I, 58. A frase do texto está en I, 58, 10.

⁵ Cfr. Marc., 1, 3; Tac, *Ann.*, VI, 29 e XVI, 10 Plin., *Ep.*, III, 16.

⁶ Sobre a obriga feminina de transmitir a moral tradicional (nunha óptica, polo demais, bastante distinta da miña) véxase recentemente S. Dixon, *The Roman Mother*, Londres-Sidney, 1988, que de aí toma as bases para unha análise da relación nai-fillo en Roma, poñendo en evidencia as particulares características que fan desta unha relación bastante distinta da moderna.

A **bibliografía** sobre o tema é moi extensa. A páx. de internet <http://www.stoa.org/diotima/> é extraordinaria.

Vid. a fq1120204_02.pdf

2. A flexión nominal: quinta declinación

Nela atopamos só substantivos que se recoñecen sobre todo polo seu xenitivo do singular en **-ei**. Todos presentan un **tema*** en **-e**, xa que esta vogal engádese á **raíz*** ou **lexema***. Por este motivo fálase de quinta declinación ou de **declinación*** dos temas en **-e**.

Ao igual que ocorría na primeira, nesta non hai neutros. Por outra parte, agás a palabra **dies**, **diei** que pode ter xénero masculino ou feminino, as demais son todas femininas.

Só hai dous substantivos: **res**, **rei** e **dies**, **diei** que presentan unha declinación completa. Os restantes adoitan declinarse unicamente en singular, aínda que algúns contan tamén con tres casos do plural, o nominativo, vocativo e acusativo.

Estas peculiaridades débense á súa orixe, xa que se trata dunha declinación tardía, formada moitas veces por substantivos que en numerosas ocasións contan cun par léxico na primeira declinación. Así: **materies**, **materiei** da quinta, pero **materia**, **materiae** da primeira, ou **luxuries**, **luxuriei**, fronte a **luxuria**, **luxuriae**.

Todos os substantivos desta declinación recoñécense polo seu **enunciado*** que consta, de nominativo e de xenitivo do singular, cuxas terminacións son as seguintes:

FEMININOS	
Nominativo	-es-
Xenitivo	-ei-

Deseguido, separando as terminacións no sentido literal da palabra, declinaranse os dous substantivos que presentan todos os casos e números e que resultan os máis utilizados dentro desta quinta declinación:

res, rei (f.) <i>cousa, feito</i>			dies, diei (m. e f.) <i>día, data</i>		
CASO	SINGULAR	PLURAL	CASO	SINGULAR	PLURAL
Nominativo	r-es	r-es	Nominativo	di-es	di-es
Vocativo	r-es	r-es	Vocativo	di-es	di-es
Acusativo	r-em	r-es	Acusativo	di-em	di-es
Xenitivo	r-ei	r-erum	Xenitivo	di-ei	di-ērum
Dativo	r-ei	r-ebus	Dativo	di-ei	di-ēbus
Ablativo	r-e	r-ebus	Ablativo	di-e	di-ēbus

Segundo a declinación de ambas palabras, compróbase que a **vogal temática*** **e** aparece en todos os casos.

Realiza as actividades do PENSVM 1

Coa quinta declinación finalízase o estudo da flexión nominal. Para que sirva de repaso das anteriores e para que poidan consultarse con facilidade as distintas terminacións dos casos, elaborouse o seguinte cadro coas terminacións de cada unha das cinco declinacións:

CASOS	1ª Declin.		2ª Declinación				3ª Declinación								4ª Declinación				5ª Declin.	
	Tema -a		Tema en -o				Tema en consoante				Tema en -i				Tema en -u				Tema -e	
	Mas.- Fem.		Mas.- Fem.		Neutro		Mas.-Fem.		Neutro		Mas- Fem.		Neutro		Mas- Fem.		Neutro		Feminino	
	Sg.	Pl.	Sg.	Pl.	Sg.	Pl.	Sg.	Pl.	Sg.	Pl.	Sg.	Pl.	Sg.	Pl.	Sg.	Pl.	Sg.	Pl.	Sg.	Pl.
Nominativo	a	ae	us er ir	i	um	a	ps bs as es x ms l r o s	es	t en us	a	is es er bs rx rs	es	e al ar	ia	us	us	u	ua	es	es
Vocativo	a	ae	e er ir	i	um	a	ps bs as es x ms l r o s	es	t en us	a	is es er bs rx rs	es	e al ar	ia	us	us	u	ua	es	es
Acusativo	am	as	um	os	um	a	em	es	t en us	a	em im	es	e al ar	ia	um	us	u	ua	em	es
Xenitivo	ae	ārum	i	ōrum	i	ōrum	is	um	is	um	is	ium	is	ium	us	uum	us	uum	ei	ērum
Dativo	ae	is	o	is	o	is	i	ībus	i	ībus	i	ībus	i	ībus	ui	ībus ūbus	ui	ībus ūbus	ei	ēbus
Ablativo	a	is	o	is	o	is	e	ībus	e	ībus	e i	ībus	i	ībus	u	ībus ūbus	u	ībus ūbus	e	ēbus

3. A flexión pronominal: pronomes persoais, posesivos e deícticos

A flexión pronominal está constituída polos pronomes. Estes clasifícanse en: persoais, posesivos, demostrativos, relativos, indefinidos e interrogativos.

Segundo se explicou na primeira unidade, o pronome, ao igual que o nome, pertence ás palabras variables, aquelas que cambian de forma segundo os accidentes gramaticais. Polo tanto, uns e outros vense afectados, xeralmente, polas mesmas categorías gramaticais: xénero, número e, en latín, caso.

Por outra parte, a palabra pronome significa: en lugar do nome. Xa que logo, tendo en conta o anterior, podería definirse este como a parte da oración que substitúe ao nome e que presenta formas distintas para expresar o xénero, o número e o caso.

Non obstante, cando se pretende constatar a exactitude desta definición nos distintos tipos de pronomes, advírtese que só os persoais substitúen ao nome, pois os demais: posesivos, demostrativos, relativos, etcétera, substitúeno ou acompañano, é dicir, funcionan como pronomes ou como adxectivos. Por outra parte, os persoais, a diferenza dos outros tipos, non presentan distinción de xénero, e si expresan unha categoría distinta, común ao verbo, a persoa.

O anterior dá unha idea clara da complexidade e a heteroxeneidade da flexión pronominal, cuxo estudo se inicia na presente unidade.

3.1. Pronomes persoais

Como se dixo, substitúen sempre ao nome. Ao igual que en galego e castelán, indican a persoa e o número. En latín só existen pronomes específicos para a primeira e a segunda persoa. Porén, para a terceira utilízase un reflexivo. Esta é a súa declinación:

CASO	PRIMEIRA PERSOA		SEGUNDA PERSOA		TERCEIRA PERS.
	SINGULAR	PLURAL	SINGULAR	PLURAL	SING. e PLUR.
Nominativo	ego	nos	tu	vos	---
Vocativo	---	---	tu	vos	---
Acusativo	me	nos	te	vos	se
Xenitivo	mei	nostri / nostrum	tui	vestri / vestrum	sui
Dativo	mihi	nobis	tibi	vobis	sibi
Ablativo	me	nobis	te	vobis	se

Nas declinacións anteriores obsérvanse varias particularidades:

- Os pronomes de primeira e de segunda persoa presentan temas distintos: **ego/me/nos, tu/te/vos**.
- Só **tu/vos** pode expresarse en caso vocativo, xa que os demais non poden ser utilizados en función apelativa.

- Dos xenitivos do plural de **ego** e de **tu**, **nostri** ou **nostrum**, **vestri** ou **vestrum**, o segundo úsase cando ten función partitiva.

Cando os pronomes persoais se expresan en ablativo coa preposición **cum**, esta posponse e únese ao pronome. Así: **mecum**, **nobiscum**, **tecum**, **vobiscum**, **secum**.

Posto que non existe un pronome específico para a terceira persoa, cando se fai referencia a ela empréganse outros pronomes, entre eles os demostrativos ou o anafórico **is**.

3.2. Pronomes-adxectivos posesivos

Ao igual que a maioría dos pronomes, agás os persoais, poden funcionar como tales ou como adxectivos que acompañan a un substantivo. Fórmanse sobre os pronomes persoais, é dicir, sobre **me**, **te**, **se**, **nos** e **vos**. Declínanse como os adxectivos do primeiro grupo

POSUIDORES	1ª PERSOA	2ª PERSOA	3ª PERSOA
Un	meus, mea, meum <i>meu, miña</i>	tuus, tua, tuum <i>teu, túa</i>	suus, sua, suum <i>seu, súa</i>
Varios	noster, nostra, nostrum <i>noso, nosa</i>	vester, vestra, vestrum <i>voso, vosa</i>	

MEUS, MEA, MEUM *MEU, MIÑA*

CASO	SINGULAR			PLURAL		
	MASC.	FEMIN.	NEUTRO	MASC.	FEMIN.	NEUTRO
Nominativo	meus	mea	meum	mei	meae	mea
Vocativo	mi	mea	meum	mei	meae	mea
Acusativo	meum	meam	meum	meos	meas	mea
Xenitivo	mei	meae	mei	meōrum	meārum	meārum
Dativo	meo	meae	meo	meis	meis	meis
Ablativo	meo	mea	meo	meis	meis	meis

TUUS, TUA, TUUM *TEU, TÚA*

CASO	SINGULAR			PLURAL		
	MASC.	FEMIN.	NEUTRO	MASC.	FEMIN.	NEUTRO
Nominativo	tuus	tua	tuum	tui	tua	tua
Acusativo	tuum	tuam	tuum	tuos	tuas	tua
Xenitivo	tui	tuae	tui	tuōrum	tuārum	tuōrum
Dativo	tuo	tuae	tuo	tuis	tuis	tuis
Ablativo	tuo	tua	tuo	tuis	tuis	tuis

SUUS, SUA, SUUM *SEU, SÚA*

CASO	SINGULAR			PLURAL		
	MASC.	FEMIN.	NEUTRO	MASC.	FEMIN.	NEUTRO
Nominativo	suus	sua	suum	sui	suae	sua
Acusativo	suum	suam	suum	suos	suas	sua
Xenitivo	sui	suae	sui	suōrum	suārum	suōrum
Dativo	suo	suae	suo	suīs	suīs	suīs
Ablativo	suo	sua	suo	suīs	suīs	suīs

NOSTER, NOSTRA, NOSTRVM *NOSO, NOSA*

CASO	SINGULAR			PLURAL		
	MASC.	FEMIN.	NEUTRO	MASC.	FEMIN.	NEUTRO
Nominativo	noster	nostra	nostrum	nostrī	nostrae	nostra
Acusativo	nostrum	nostram	nostrum	nostrōs	nostrās	nostra
Xenitivo	nostrī	nostrae	nostrī	nostrōrum	nostrārum	nostrōrum
Dativo	nostro	nostrae	nostro	nostris	nostris	nostris
Ablativo	nostro	nostra	nostro	nostris	nostris	nostris

VESTER, VESTRA, VESTRVM VOSO, VOSA

CASO	SINGULAR			PLURAL		
	MASC.	FEMIN.	NEUTRO	MASC.	FEMIN.	NEUTRO
Nominativo	vester	vestra	vestrum	vestri	vestrae	vestra
Acusativo	vestrum	vestram	vestrum	vestros	vestras	vestra
Xenitivo	vestri	vestrae	vestri	vestrōrum	vestrārum	vestrōrum
Dativo	vestro	vestrae	vestro	vestris	vestris	vestris
Ablativo	vestro	vestra	vestro	vestris	vestris	vestris

Obsérvase que todos os posesivos se declinan como os adxectivos do primeiro grupo. Os tres primeiros, **meus, mea, meum; tuus, tua, tuum**, e **suus, sua, suum**, segundo o modelo **bonus, bona, bonum**. Os dous últimos, **noster, nostra, nostrum** e **vester, vestra, vestrum**, igual que **pulcher, pulchra, pulchrum**, é dicir, coa vogal **e** só no nominativo e vocativo do singular masculino por non pertencer ao tema da palabra.

A utilización dos posesivos en latín resulta máis restrinxida que en castelán. De feito, adoitan omitirse cando está claro quen é o posuidor: **Patrem quaesivit**, *buscou ao seu pai*.

Se, a pesar de estalo, se emprega o posesivo, este confire á frase un marcado carácter enfático ou afectivo:

Hastam suis manibus fecit, *fixo a lanza coas súas propias mans*.

Mea filia, *a miña querida filla*.

3.3. Pronomes-adxectivos demostrativos

Os demostrativos serven para sinalar algo no espazo ou no tempo, é dicir, teñen unha función deíctica.

Por iso fálase indistintamente de demostrativos ou de deícticos. Estes pronomes indícanos a maior ou menor proximidade do obxecto sinalado ao falante. De aí que existen tres demostrativos ou deícticos:

Hic, haec, hoc, *este, esta, isto*. Sinala o que está próximo ao falante.

Iste, ista, istud, *ese, esa, iso*. O obxecto sinalado está máis perto do oínte.

Ille, illa, illud, *aquel, aquela, aquilo*. Indica que o que se sinala permanece lonxe do oínte e do falante.

Esta é a súa declinación:

HIC, HAEC, HOC ESTE, ESTA, ISTO

CASO	SINGULAR			PLURAL		
	MASC.	FEMIN.	NEUTRO	MASC.	FEMIN.	NEUTRO
Nominativo	hic	haec	hoc	hi	hae	haec
Acusativo	hunc	hanc	hoc	hos	has	haec
Xenitivo	huius	huius	huius	horum	harum	horum
Dativo	huic	huic	huic	his	his	his
Ablativo	hoc	hac	hoc	his	his	his

Na declinación deste demostrativo obsérvanse as seguintes peculiaridades:

- Consta da partícula **-ce** que perdeu o **e** final. A devandita partícula reforza a natureza deíctica do demostrativo.
- O xenitivo do singular termina en **-ius**, e o dativo do mesmo número, en **-i**. Estas terminacións, típicas da flexión pronominal, aparecen noutros pronomes-adxectivos, e sempre son iguais para os tres xéneros.

ISTE, ISTA, ISTUD, ESE, ESA, ISO

CASO	SINGULAR			PLURAL		
	MASC.	FEMIN.	NEUTRO	MASC.	FEMIN.	NEUTRO
Nominativo	iste	ista	istud	isti	istae	ista
Acusativo	istum	istam	istud	istos	istas	ista
Xenitivo	istius	istius	istius	istorum	istarum	istorum
Dativo	isti	isti	isti	istis	istis	istis
Ablativo	isto	ista	isto	istis	istis	istis

A seguir, enuméranse as características da declinación de **iste**:

- O nominativo e o acusativo do singular neutro presentan un **-d**, típica da flexión pronominal.
- O xenitivo do singular termina en **-ius**, e o dativo do mesmo número, en **-i**.

ILLE, ILLA, ILLUD, AQUEL, AQUELA, AQUILLO

CASO	SINGULAR			PLURAL		
	MASC.	FEMIN.	NEUTRO	MASC.	FEMIN.	NEUTRO
Nominativo	ille	illa	illud	illi	illae	illa
Acusativo	illum	illam	illud	illos	illas	illa
Xenitivo	illius	illius	illius	illorum	illarum	illorum
Dativo	illi	illi	illi	illis	illis	illis
Ablativo	illo	illa	illo	illis	illis	illis

A flexión de **ille**, ao igual que a de **iste**, presenta as seguintes peculiaridades:

- O nominativo e o acusativo do singular neutro terminan en **-d**.
- O xenitivo do singular termina en **-ius**, e o dativo do mesmo número, en **-i**.

4. A flexión verbal: tema de perfecto da conxugación regular en voz pasiva

Unha vez que se explicaron as formas persoais do sistema de perfecto da conxugación regular en voz activa, só resta centrarse nas de voz pasiva, para finalizar o estudo dos tempos do sistema de perfecto.

Ao estudar a voz pasiva do sistema de presente, falou-se da diferenza que presenta co galego e co castelán, xa que na nosa lingua esa voz exprésase co participio de perfecto do verbo que se conxuga e co auxiliar *ser*, mentres que en latín, faino mediante un simple troco nas desinencias persoais. Así: *son amado* / **amor**.

Esa fórmula sintética utilizada polo latín só é válida para os tempos do sistema de presente, pois, para os do de perfecto, requírese unha construción perifrástica, máis próxima á da nosa lingua, non un mero troco de desinencias. A devandita construción consta, ao igual que en castelán e galego, do participio de perfecto do verbo conxugado, e do auxiliar **sum**.

Xa que logo, para conxugar os tempos do sistema de perfecto en voz pasiva debe saberse o participio de perfecto do verbo conxugado e o verbo **sum**.

PARTICIOPIO DE PERFECTO

Este obtense substituíndo a terminación **-um** da quinta forma do enunciado, o supino, polas dos adxectivos do primeiro grupo, do tipo **bonus, bona, bonum**.

Realiza as actividades do PENSVM 2

Posto que o participio é un adxectivo verbal, como tal debe concordar co suxeito da forma verbal en xénero, número e caso. Por iso, sempre se expresa en nominativo, o caso da función sintáctica de suxeito. No que fai ao xénero e ao número, este depende do que teña ese suxeito. Así: **puer amātus est**, pero **puella amāta est**.

AUXILIAR SUM

A conxugación deste verbo xa se estudou. Só advertir que o auxiliar aparece normalmente no tempo correspondente do sistema de presente, é dicir, o pretérito perfecto esixe o presente de **sum**; o pretérito pluscuamperfecto, o pretérito imperfecto; o futuro perfecto, o futuro imperfecto. Pero ás veces tamén aparece o verbo **sum** nos tempos de perfecto. No seguinte cadro aparece especificado:

MODO	TEMPO DO SISTEMA DE PERFECTO	TEMPO DO SISTEMA DE PRESENTE DE SVM QUE LLE CORRESPONDE
INDICATIVO	Pretérito perfecto	Presente (pret. perfecto)
	Pretérito pluscuamperfecto	Pretérito imperfecto (pret. plusc.)
	Futuro perfecto	Futuro imperfecto (fut. perfecto)

SUBXUNTIVO	Pretérito perfecto	Presente (pret. perfecto)
	Pretérito pluscuamperfecto	Pretérito imperfecto (pret. plusc.)

O auxiliar, segundo lle corresponde ao verbo, debe concertar co suxeito en número e persoa.

Ao igual que ocorre na voz activa, en pasiva o sistema de perfecto fórmase do mesmo modo en todos os verbos, con independencia de que pertencen a unha das catro conxugacións regulares ou a un verbo irregular. Por este motivo só se conxugaran a modo de exemplo en voz pasiva algúns tempos do sistema de perfecto do verbo **amo, amas, amāre, amāvi, amātum, amar.**

SISTEMA DE PERFECTO EN VOZ PASIVA			
	INDICATIVO		SUBXUNTIVO
PRETÉRITO PERFECTO	<i>fun amado/a</i>		<i>sexa amado/a - teña sido amado/a</i>
	amātus, amāta, amātum	sum	amātus, amāta, amātum sim
	amātus, amāta, amātum	es	amātus, amāta, amātum sis
	amātus, amāta, amātum	est	amātus, amāta, amātum sit
	amāti, amātae, amāta	sumus	amāti, amātae, amāta simus
	amāti, amātae, amāta	estis	amāti, amātae, amāta sitis
	amāti, amātae, amāta	sunt	amāti, amātae, amāta sint
PRETÉRITO PLUSCUAMPER.	<i>fora amado/a</i>		<i>fose/sería amado/a - tivese/tería sido amado/a</i>
	amātus, amāta, amātum	eram	amātus, amāta, amātum essem
	amātus, amāta, amātum	eras	amātus, amāta, amātum esses
	amātus, amāta, amātum	erat	amātus, amāta, amātum esset
	amāti, amātae, amāta	erāmus	amāti, amātae, amāta essemus
	amāti, amātae, amāta	erātis	amāti, amātae, amāta essetis
	amāti, amātae, amāta	erānt	amāti, amātae, amāta essent
FUTURO PERFECTO	<i>serei amado/a - terei sido amado/a</i>		
	amātus, amāta, amātum	ero	
	amātus, amāta, amātum	eris	
	amātus, amāta, amātum	erit	
	amāti, amātae, amāta	erīmus	
	amāti, amātae, amāta	erītis	
	amāti, amātae, amāta	erunt	

Realiza as actividades do PENSVM 3

Unha vez que se estudou a voz pasiva do sistema de perfecto, convén facer unha serie de precisións:

Nas frases só aparecerá unha das tres formas do participio, a que concorde co suxeito en xénero, número e caso. Do mesmo modo, unicamente aparecerá a forma de **sum** que concorde en número e persoa co suxeito: **Filius a patre amātus est, o fillo foi amado polo pai. Amātus** concorda con **filius** en xénero, masculino; número, singular, e caso, nominativo. Por outra parte, **est** concorda con **filius** en número, singular, e en persoa, terceira.

As formas perifrásticas da voz pasiva pertencen ao sistema de perfecto, polo tanto, han de traducirse polos tempos correspondentes do galego. Por exemplo **amāti sunt, foron amados, amāta erat, fora amada.** Non

deben traducirse por *son amados* e *era amada*, formas que corresponden, respectivamente, ao presente e ao pretérito imperfecto de indicativo.

Cando unha oración activa cunha forma verbal pertencente ao sistema de perfecto se tranforma en pasiva, ha de terse en conta cal é o suxeito paciente para respectar as normas sobre a concordancia entre suxeito e participio, e suxeito e auxiliar **sum** que acaban de explicarse.

Léxico

EVOLUCIÓN FONÉTICA DOS GRUPOS INTERIORES -LI- E -LE-

Os grupos -LI- e -LE- seguidos de vogal, en sílaba interior, palatalizáronse, dando os seguintes resultados:

- Galego: evolucionaron a **ll**:

alium > *allo*

meliores > *mellor*

mulierem > *muller*

- Castelán: evolucionaron a **ll**, e posteriormente a **j**. Existen palabras que presentan o primeiro estadio da evolución, e outras que continuaron evolucionando até chegar a **j**:

humiliare > *humillar*, pero **molliare** > *mojar*

Nas palabras cultas, mantivéronse estes grupos.

Así **concilium** > *concilio* (cast), pero *concello* (gal.).

EXPRESIÓNS LATINAS

– ad hoc	<i>para isto (“apropiado, axeitado”)</i>
– ad libitum	<i>a vontade</i>
– alea iacta est	<i>a sorte está botada</i>
– ante meridiem (a. m.)	<i>antes de mediodía</i>
– post meridiem (p. m.)	<i>despois de mediodía</i>
– per fas et nefas	<i>polo xusto e polo inxusto (dun e outro modo)</i>
– sine die	<i>sen data (fixada)</i>

Realiza o apartado das Actividades de repaso